**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 10 de febreiro de 2015**

| **ASISTENTES:** | **NON ASISTEN:** |
| --- | --- |
| **Membros :** | |
| D. Abel Caballero Álvarez | Dª Mª Carmen Silva Rego |
| D. Carlos López Font | Dª. Olga Alonso Suárez |
| Dª Mª Jesús Lago Rey | Dª. Mª Isaura Abelairas Rodríguez |
| D. Cayetano Rodríguez Escudero | D. José Manuel Fernández Pérez |
| D. Angel Rivas González | |
| D. Santos Héctor Rodríguez Díaz | |

**Invitados:**
D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cincuenta minutos do día de dez de febreiro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(128).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**
A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(129).- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE TRABALLO DA XUNTA DE GALICIA DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO VIGO INTEGRA III. EXPTE. 11591/77.**
Visto o informe de fiscalización do 3.02.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 02.02.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*A concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, coa finalidade de favorecer e facilitar a inserción e reinserción laboral, mediante accións programadas e deseñadas que incrementen e melloren a súa empregabilidade e faciliten o seu acceso ao emprego, ten*

*preparado o Programa VIGO INTEGRA III, no que se fomenta o uso das novas tecnoloxías como base de novos servizos de apoio cos obxectivos de:*

*–Promover a inserción laboral das persoas beneficiarias, preferentemente perceptores de prestacións, e facendo especial fincapé na mocidade con idade ata 30 anos e persoas desempregadas como consecuencia dunha crise empresarial, potenciando e reforzando a súa iniciativa cara á formación, fomentando a súa motivación cara unha cualificación con expectativas de emprego, proporcionándolles apoio e acompañamento na busca de emprego.*

*–Realizar accións para o emprego que faciliten e apoien a busca individual de traballo das persoas beneficiarias do Programa con especial incidencia na mocidade e persoas desempregadas por mor da crise empresarial.*

*–Fomentar a participación dos colectivos en risco de exclusión en accións de orientación, información, formación, etc.*

*–Dotar ás persoas usuarias do Programa das estratexias, habilidades e destrezas necesarias a través das distintas accións do proxecto, para unha boa busca activa de emprego, incrementando a súa autonomía e motivación.*

*–Adoptar mecanismos adecuados ás necesidades persoais que permitan salvar obstáculos que dificultan a inserción laboral.*

*Este programa enmárcase na Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2015 e 2016.*

*O programa ten unha duración estimada de 12 meses cun inicio previsto para o mes de maio de 2015, e cun total de 100 persoas participantes das que se prevé unha inserción do 38%.*

*O custo total estimado do proxecto é de 205.000,00 €, dos que o 80% corresponde á solicitude de subvención (164.000,00 €) e o 20% restante á confinanción municipal (41.000,00 €), que se financiará con cargo as partidas (2410.1200100, 2410.1200400, 2410.1200600, 2410.1210001m 2410.1210004, 2410.1210101, 2410.1210104, 2410.1600000), de persoal adscrito ao desenvol-vemento do proxecto polo que non é necesario a retención de créditom e que conforme ao apar-tado C.15.1 da memoria do proxecto suporían 78.277,87, importe moi superior ao previsto para a cofinancación por parte do Concello de Vigo, no proxecto.*

| NOME E APELIDOS | FUNCIÓN NO PROGRAMA | % DEDICACIÓN | % Imputación económica | Retribución mensual | Seguridade Social mes | Total mes | Total proxecto (6 meses) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Francisco J. Gutiérrez Orue | Director | 5,00% | 0,00% | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| Ana Mª Mouriz Martínez | Coordinadora | 10,00% | 10,00% | 3.204,03 € | 1.174,57 € | 4.378,60 € | 2.627,16 € |
| Mª del Carmen Cores Otero | Orientadora laboral | 80,00% | 80,00% | 2.721,02 € | 1.004,13 € | 3.725,15 € | 18.684,02 € |
| Eva García Barbosa | Orientadora laboral | 55,00% | 55,00% | 2.721,02 € | 1.004,13 € | 3.725,15 € | 12.845,27 € |
| Sandra Sousa Fernández | Dinamizadora de emprego- Intermediadora Laboral | 80,00% | 80,00% | 2.721,02 € | 1.004,13 € | 3.725,15 € | 18.684,02 € |
| Sonia Mª Martínez Alonso | Dinamizadora de emprego- Intermediadora Laboral | 80,00% | 80,00% | 2.721,02 € | 1.004,13 € | 3.725,15 € | 18.684,02 € |
| Mª Carmen Mouriño Barros | Auxiliar Administrativo | 51,00% | 51,00% | 1.536,15 € | 575,00 € | 2.111,15 € | 6.753,37 € |
| **Custes salariais imputables ao proxecto** | | | | | | | **78.277,87 €** |

*Por todo o anteriormente exposto, e de acordo co proxecto que se inclúe no expediente, PRO-PONSE á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:*

*1.- Aprobar o proxecto denominado "Vigo Integra III", elaborado polo Servizo de Desen-volvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, por un importe total de 205.000,00*

*€, dos que 164.000,00 € son o importe solicitado a subvencionar pola Xunta de Galicia e os restantes 41.000,00 €, son a financiar polo Concello de Vigo.*

2.- *Solicitar á Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na Orde de 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2015 e 2016.*

3.- *Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2015 e 2016 das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.*

4.- *Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Volunariado, Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(130).- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE TRABALLO DA XUNTA DE GALICIA DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS E PARA O EXERCICIO DO ANO 2015. EXPTE. 11586/77.**

Visto o informe de fiscalización do 3.02.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento local e Emprego, do 30.01.15, conformado polo concelleiro de Emprego, que di o seguinte:

*Memorias de obras e servizos de interese social a presentar á convocatoria de axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2015.*

*A consellería de Traballo e Benestar ven de publicar a "ORDE do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2015". Así a través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais ata un máximo de 3 meses si as contratacións das persoas beneficiarias son a xornada ou de 6 mese si as contratación realizanse por unha xornada inferior ao 50% da establecida no convenio, sin ter en conta a súa poboación ou o número de persoas desempregadas, segundo o convenio de aplicación, excepto a indemnización por cese, que sería a única cantidade que en concepto de retribución ás persoas participantes o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.*

*É por isto que Desenvolvemento Local e Emprego solicitou aos departamentos municipais de Fomento, Limpieza, Xardíns e Vias e Obras a elaboración de proxectos da actuación de interese para o seu ámbito competencial que puideran acollerse a esta subvención, especificando que as actuacións propostas deben diferenciarse claramente das funcións propias da plantilla municipal, que a formación obrigatoria do persoal traballador é responsabilidade do departamento ao que estes se adscriban, e que, así mesmo, os custos de materiais, de funcionamento e cartel explicativo deben ser asumidos por cada departamento.*

1. *Para o presente ano 2015, de resultas desta solicitude enviada, o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e outros catro servizos presentaron memorias, por un importe total de 414.288,11 €, resultando as contratacións indicadas no cadro que se achega, facendo un total de 180 traballadores/as naqueles ámbitos nos que, segundo as indicacións dos/as responsables técnicos e concelleiros/as, existía unha maior necesidade de actuación; aplicando o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, subsidariamente vixente e coas táboas salariais actualizadas no ano 2010.*

*Así no cadro que se achega resúmese os datos básicos dos proxectos presentados polos servizos e dos que finalmente serán presentados á convocatoria de Programas de Colaboración neste ano 2015, especificando, para cada un deles, o número de perfís dos/as traballadores/as solicitados/as, a duración da obra ou servizo e o custo salarial (que equivale á subvención que se solicita).*

| TOTAIS DAS MEMORIAS | | Persoal | Custe |
|---|---|---|---|
| ELECTROMECANICOS | Mellora rede iluminación pública | 6 | 20.922,66 € |
| MONTES PARQUES E XARDÍNS | Acondicionamento parques municipais | 33 | 113.379,68 € |
| LIMPIEZA | Plan de atención permanente no rural | 18 | 60.302,59 € |
| VIAS E OBRAS | Mantemento das zonas rurais | 56 | 192.843,65 € |
| DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO | Servizos de apoio no parque mobil | 8 | 26.839,54 € |
| **TOTAL** | | **121** | **414.288,11 €** |

*Para o desenvolvento das actividades previstas nas memorias se prevén os seguintes gastos:*

- *Electromecánicos:*
  - *Dispón de material (conductores eléctricos, luminarias, postes….) para a realización dos traballos acopiado no Parque Central de Servizo para este programa.*
- *Montes Parques e Xardíns:*
  - *1710.210.00.00 (Mantemento parques, xardíns, alamedas) 14.000,00 €*
  - *1710.221.04.00 (Vestiario persoal). 2.347,95 €*

  *Os custes de vestiario serán con cargo ao crédito retido no expediente 7880/446*
- *Limpieza:*
  - *O servizo dispón de maquinaria e ferramentas para desenvolver o traballo de proxecto.*
  - *1630.2210400 Vestiario e EPI's 2.606,15 €*

  *Os custes de vestiario serán con cargo ao crédito retido no expediente 5348/252*
- *Vias e Obras:*
  - *1550.210.00.00 Conservación de vías e espazos públicos 540.000,00 €*
  - *1550.221.04.00 Vestiario convenio Xunta-Concello 15.000,00 €*
- *Desenvolvemento Local e Emprego:*
  - *2410.221.04.00 Vestiario programas de emprego. 1.172,20 €*

  *Os custes de vestiario serán con cargo ao crédito retido no expediente 11589/77*

*Tendo en conta os custes dos proxectos, unicamente será preciso as retencións de crédito seguintes, xa que o resto dos custes dos proxectos serán asumidos polos servizos en base a retencións de crédito existentes e dispor de existencias nos almacéns.*

- *1710.210.00.00 Mantemento parques, xardíns, alamedas 14.000,00 €*
- *1550.210.00.00 Conservación de vías e espazos públicos 540.000,00 €*
- *1550.221.04.00 Vestiario convenio Xunta-Concello 15.000,00 €*

*Por todo o anteriormente exposto, e seguindo instrucións do concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, <u>PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:</u>*

1. *Aprobar as memorias seguintes que se achegan no anexo II para presentar á convocatoria de axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais do 2014, e que se resumen no cadro que se achega no Anexo I.*
   a) *Electromecánicos: "Mellora da rede de iluminación pública nas parroquias"*
   b) *Montes, Parques e Xardíns. "Acondicionamento dos parques municipais"*
   c) *Limpieza: "Plan de Atención permanente no rural"*
   d) *Vias e Obras: "Mantemento das zonas rurais"*
   e) *Emprego "Servizos de apoio no parque mobil"*

2. *Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 414.288,11* **€** *para o desenvolvemento das memorias aprobadas.*

3. *Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.*

4. *Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.*

<u>Acordo</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: Resumo de proxectos solicitados polos servizos:

**ELECTROMECANICOS**
Mellora rede iluminación pública

| Postos | Categoría | Salario mes | Prorrateo pagas extras | Importe bruto mes | Base de cotización | CNAE/Grupo ou Cód. Ocup. | % cotización | Cotización SS empresa | Custe total estimado | Custe postos/mes | TOTAL 3 MESES |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Of. Albanel | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-d | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 1.171,67 | **3.515,00 €** |
| 1 | Of. Electricista | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-d | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 1.171,67 | **3.515,00 €** |
| 1 | Of. Ferreiro-Soldador | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-d | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 1.171,67 | **3.515,00 €** |
| 2 | Of. conducción | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-f | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 2.343,33 | **7.030,00 €** |
| 1 | Peóns construcción | 694,10 | 115,68 | 809,78 | 809,78 | 8411/10-d | 37,80 | 306,10 | 1.115,88 | 1.115,88 | **3.347,64 €** |
| 6 | CUSTES SALARIAS MEMORIA | | | | | | | | | | **20.922,66 €** |

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

Non se necesitaría partida orzamentaria específica, xa que existe material (conductores eléctricos, luminarias, postes….) para a realización dos traballos acopiado no Parque Central de Servizo para este programa

**MONTES PARQUES E XARDÍNS**
Acondicionamento parques municipais

| Postos | Categoría | Salario mes | Prorrateo pagas extras | Importe bruto mes | Base de cotización | CNAE/Grupo ou Cód. Ocup. | % cotización | Cotización SS empresa | Custe total estimado | Custe postos/mes | TOTAL 3 MESES |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Diplomado | 857,25 | 142,88 | 1.000,13 | 1.000,13 | 8411/2-a | 32,10 | 321,04 | 1.321,17 | 1.321,17 | **3.963,50 €** |
| 1 | Of.Fontaneiro | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-d | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 1.171,67 | **3.515,00 €** |
| 6 | Of. Albanel | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-d | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 7.030,00 | **21.090,01 €** |
| 1 | Of. Carpinteiro | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-d | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 1.171,67 | **3.515,00 €** |
| 7 | Of. xardinaxe | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-g | 34,70 | 295,04 | 1.145,31 | 8.017,16 | **24.051,49 €** |
| 2 | Of. conducción | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-f | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 2.343,33 | **7.030,00 €** |
| 15 | Peóns construcción | 694,10 | 115,68 | 809,78 | 809,78 | 8411/10-d | 37,80 | 306,10 | 1.115,88 | 16.738,22 | **50.214,66 €** |
| 33 | CUSTES SALARIAS MEMORIA | | | | | | | | | | **113.379,68 €** |

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

- Para a adquisición dos materiais necesarios para a realización das obras existe a partida orzamentaria deste Servizo:
  - 1710.210.00.00 (Mantemento parques, xardíns, alamedas) 14.000,00 €
  - 1710.221.04.00 (Vestiario persoal). 2.347,95 € (*)

(*) <u>Os custes de vestiario serán con cargo ao crédito retido no expediente 7880/446</u>

**LIMPIEZA**
Plan de atención permanente no rural

| Postos | Categoría | Salario mes | Prorrateo pagas extras | Importe bruto mes | Base de cotización | CNAE/Grupo ou Cód. Ocup. | % cotización | Cotización SS empresa | Custe total estimado | Custe postos/mes | TOTAL 3 MESES |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Of. admtivo | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-a | 32,10 | 272,94 | 1.123,20 | 1.123,20 | **3.369,61 €** |
| 5 | Of. xardinaxe | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-g | 34,70 | 295,04 | 1.145,31 | 5.726,55 | **17.179,64 €** |
| 2 | Of. conducción | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-f | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 2.343,33 | **7.030,00 €** |
| 10 | Peóns xardinaxe | 694,10 | 115,68 | 809,78 | 809,78 | 8411/10-g | 34,70 | 280,99 | 1.090,78 | 10.907,78 | **32.723,34 €** |
| 18 | CUSTES SALARIAS MEMORIA | | | | | | | | | | **60.302,59 €** |

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

- Para a adquisición dos materiais necesarios para a realización das obras existe a partida orzamentaria deste Servizo:
  - O servizo dispón de maquinaria e ferramentas para desenvolver o traballo de proxecto.
  - 1630.2210400 Vestiario e EPI's 2.606,15 € (**)

(**) <u>Os custes de vestiario serán con cargo ao crédito retido no expediente 5348/252</u>

VIAS E OBRAS

Mantemento das zonas rurais

| Postos | Categoría | Salario mes | Prorrateo pagas extras | Importe bruto mes | Base de cotización | CNAE/Grupo ou Cód. Ocup. | % cotización | Cotización SS empresa | Custe total estimado | Custe postos/mes | TOTAL 3 MESES |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Administración** | | | | | | | | | | |
| 1 | Auxiliar Administrativo | 694,10 | 115,68 | 809,78 | 809,78 | 8411/7-a | 32,10 | 259,94 | 1.069,72 | 1.069,72 | **3.209,17 €** |
| | **Pavimentación** | | | | | | | | | | |
| 1 | Capataz | 745,24 | 124,21 | 869,45 | 869,45 | 8411/3-d | 37,80 | 328,65 | 1.198,10 | 1.198,10 | **3.594,29 €** |
| 4 | Of. Pavimentador | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-d | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 4.686,67 | **14.060,01 €** |
| 1 | Of. Mecánico | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-d | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 1.171,67 | **3.515,00 €** |
| 3 | Of. Condución | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-f | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 3.515,00 | **10.545,01 €** |
| 4 | Peón construción | 694,10 | 115,68 | 809,78 | 809,78 | 8411/10-d | 37,80 | 306,10 | 1.115,88 | 4.463,53 | **13.390,58 €** |
| | **Beiarruas e cunetas** | | | | | | | | | | |
| 1 | Capataz | 745,24 | 124,21 | 869,45 | 869,45 | 8411/3-d | 37,80 | 328,65 | 1.198,10 | 1.198,10 | **3.594,29 €** |
| 9 | Of. Albanel | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-d | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 10.545,01 | **31.635,02 €** |
| 3 | Of. Condución | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-f | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 3.515,00 | **10.545,01 €** |
| 12 | Peón construción | 694,10 | 115,68 | 809,78 | 809,78 | 8411/10-d | 37,80 | 306,10 | 1.115,88 | 13.390,58 | **40.171,73 €** |
| | **Mellora vía pública** | | | | | | | | | | |
| 2 | Of. Carpinteiro | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-d | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 2.343,33 | **7.030,00 €** |
| 3 | Of. ferreiro | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-d | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 3.515,00 | **10.545,01 €** |
| 3 | Of. canteiro | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-d | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 3.515,00 | **10.545,01 €** |
| 2 | Of. Condución | 728,80 | 121,47 | 850,27 | 850,27 | 8411/8-f | 37,80 | 321,40 | 1.171,67 | 2.343,33 | **7.030,00 €** |
| 7 | Peón construción | 694,10 | 115,68 | 809,78 | 809,78 | 8411/10-d | 37,80 | 306,10 | 1.115,88 | 7.811,17 | **23.433,51 €** |
| 56 | | | | | | | | | | | **192.843,65 €** |

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

- Para a adquisición dos materiais necesarios para a realización das obras existe a partida orzamentaria deste Servizo:
  - 1550.210.00.00 Conservación de vías e espazos públicos 540.000,00 €
  - 1550.221.04.00 Vestiario convenio Xunta-Concello 15.000,00 €

DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO

Servizos de apoio no parque mobil

| Postos | Categoría | Salario mes | Prorrateo pagas extras | Importe bruto mes | Base de cotización | CNAE/Cód. Ocup. | % cotización | Cotización SS empresa | Custe total estimado | Custe postos/mes | CUSTO TOTAL 6 MESES e 50% Xornada |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 8 | Peóns | 694,10 | 115,68 | 809,79 | 809,79 | 84/d | 38,10 | 308,53 | 1.118,31 | 8.946,51 | 26.839,54 € |
| 8 | | | | | | | | | | | **26.839,54 €** |

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

Non se necesitaría partida orzamentaria específica, xa que non precisan de materiais, para o dsenvolvemento das súas actividades.

Os presupostos previstos para materias a empregar neste proxecto son os que se indican

- 2410.221.04.00 Vestiario programas de emprego. 1.172,20 € (***)

(***) Os custes de vestiario serán con cargo ao crédito retido no expediente 11589/77

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.